



**Concello de
Portas
(Pontevedra)**

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161
Fax : 986 - 536348
e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

Núm. _____

BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA TRANSPORTE A ESTUDANTES CURSO 2020-2021

1.-Obxecto:

As presentes bases teñen por obxecto establecer as normas reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència competitiva, de aqueles alumnos menores de 25 anos, que estean empadroados no concello de Portas e cursen estudos de bacharelato, ciclos de formación profesional ou estudos universitarios en calquera centro público de Galicia no curso 2020-2021, especialmente en familias con dificultades socioeconómicas.

A finalidade das axudas é a de favorecer o desprazamento do alumnado empadroado no concello que curse estudos en bacharelato, ciclos de formación profesional ou estudos universitarios en centros públicos de Galicia no presente curso 2020-2021.

2.-Orzamento:

O crédito orzamentario ó que se imputa a subvención é a partida orzamentaria 231.480.00 co importe de 5.000€.

3.-Requisitos das persoas solicitantes:

- Estar empadroado/a no concello de Portas cun mínimo de seis meses de antigüidade.
- Cursar estudos en algún centro público de Galicia no curso 2020-2021 xa sexa de bacharelato, ciclo de formación profesional ou estudos universitarios.
- Non superar os 25 anos.
- Non superar a renda per cápita familiar anual en 7.500€ (renda ano 2019).
- Non estar incruso en ningunha das circunstancias sinaladas no artigo 10 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que impide obter a condición de beneficiario

Considerase unidade familiar os proxenitores, fillo/as menores de idade, fillos/as maiores con discapacidade e fillos/as solteiros/as menores de 25 anos que convivan na unidade familiar.





**Concello de
Portas
(Pontevedra)**

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161
Fax : 986 - 536348
e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

Núm. _____

A renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2019 entre o número de membros computables. A renda da unidade familiar será resultado de sumar as rendas de cada membro computable da familia, terase en conta a suma da base imponible xeral e base imponible do aforro, da declaración da renda correspondente. De non presentala sumaranse os ingresos netos obtidos reflexados no certificado da renda do mesmo ano.

4.-Criterios de valoración de solicitudes:

Cumpridos os requisitos establecidos no punto 3 das presentes bases, será de aplicación na valoración das solicitudes o seguinte baremo:

- Situación socio-familiar:

- Por cada membro da unidade familiar, afectado por minusvalía maior ou igual o 65%.....3 puntos.
- Por a condición de familia numerosa.....4 puntos.
- Por a condición de familia monoparental.....4 puntos.
- Por cada membro menor de 25 anos cursando estudos.....1 punto.

- Situación laboral:

- Desemprego dun proxenitor.....3 puntos
- Desemprego dos dous proxenitores.....6 puntos
- En caso de familias monoparentais será de aplicación o segundo punto.(6 puntos)

- Ingresos económicos:

De referencia tomarase o 300% indicador público de renda de efectos múltiples(IPREM) mensual ata o importe máximo de ingresos (7.500€)

INGRESOS PER CÁPITA ANUAL	PUNTUACIÓN
0€-1.613,52€	10
1.613,53€-3.227,05€	8
3.227,06€-4.840,58€	6
4.840,59€-6.454,11€	4
6.454,12€-7.500€	2





**Concello de
Portas
(Pontevedra)**

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161
Fax : 986 - 536348
e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

Núm. _____

5.- Contías das axudas:

O concello de Portas aboará nun só pago as axudas, ás persoas solicitantes que cumpran os requisitos previstos na presentes bases, en base os estudos que se estean a cursar:

- Bacharelato.....150€
- Ciclo formativo medio.....200€
- Estudos universitarios e ciclos formativos superiores.....250€

No suposto de que ó número de solicitudes supere a capacidade orzamentaria, a priorización na concesión das axudas virá dada pola puntuación obtida (punto 4), de maior a menor, despois da avaliación e baremación das solicitudes de conformidade cos criterios establecidos nas presentes bases de convocatoria, ata esgotar o orzamento destinado a esta finalidade. En caso de empate, daráselle prioridade no desempate a menor renda.

6.-Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes presentaranse, mediante impreso formalizado que incluírá autorización expresa para que o Departamento de Servizos Sociais poida realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade de datos, no Rexistro Xeral, no prazo máximo de 20 días naturais a contar dende o día seguinte a publicación do extracto das bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Non se admitirán solicitudes fóra de prazo.

7.-Documentación:

As solicitudes deberán ir acompañadas polos seguintes documentos:

- D.N.I do pai/nai.
- Libro de familia.
- D.N.I do estudante
- Matricula oficial do curso 2020-2021 para que se solicita a axuda.
- Declaración da renda correspondente o ano 2019 de todos os membros computables da unidade familiar, en caso de non estar obrigado certificación de imputacións de rendas do ano 2019 expedida pola Axencia Tributaria, de tódolos membros que computables.





**Concello de
Portas
(Pontevedra)**

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161
Fax : 986 - 536348
e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

Núm. _____

- Certificación bancaria da conta corrente da persoa interesada para o ingreso da axuda, se é o caso.
- Certificado de minusvalía emitido polo órgano competente.
- En caso de familia numerosa: título, en vigor, de familia numerosa.
- En caso de desemprego, certificación do Servicio Público de Emprego, actualizada.

En caso de presentar fotocopias deberan ir acompañadas de orixinais para o seu cotexo.

O Concello de Portas aportará os certificados de empadramento para a verificación de este requisito.

8.- Procedemento:

As solicitudes e documentación pertinentes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, dentro do prazo establecido. Non se admitirán solicitudes fóra de prazo, nin aquelas que non conteñan rexistro de entrada nas oficinas do Concello.

As solicitudes remitiranse o departamento de Servizos Sociais para a súa avaliación nos termos contidos nas presentes bases.

En caso de que se observe erros na documentación o/a responsable de ponderación efectuará unha chamada o teléfono facilitado na solicitude correspondente, e o/a interesado deberá presentar a documentación correspondente no prazo máximo 3 días naturais, de non ser así entenderase desistida a solicitude.

Unha vez avaliadas as solicitudes elevarase o perceptivo informe a Alcaldía, para a súa resolución.

A resolución definitiva notificarase ás persoas beneficiarias.

9.-Xustificación, control e seguimento:

O concello de Portas poderá realizar os controis administrativos e inspeccións oportunas co fin de comprobar a veracidade dos datos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda. A persoa beneficiaria terá a obriga de colaborar en dita inspección, proporcionando os datos requiridos.





**Concello de
Portas
(Pontevedra)**

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161
Fax : 986 - 536348
e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

Núm. _____

En todo caso o remate do curso escolar, nun prazo máximo de 20 días naturais e con data máxima 31 de xullo de 2020, os beneficiarios das axudas deberán acreditar a asistencia a clase durante o mesmo, ou acreditar que se presentaron, como mínimo ó 50% das materias nas que se matricularon.

En caso de non existir xustificación da non asistencia ou no presentación os exames o concello reservarase o dereito de solicitar o reintegro da axuda concedida.

10.-Compatibilidade:

As axudas para transporte escolar recollidas nas presentes bases serán compatibles con outras axudas destinadas a mesma finalidade e procedentes de outras administracións.





**Concello de
Portas
(Pontevedra)**

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161

Fax : 986 - 536348

e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

Núm. _____



Cod. Validación: 6F6JCSHNQPX6KJA6TAGHXJ364 | Corrección: <https://portas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6